



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO  
E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
Web: www.concellodeboimorto.es

CONCELLO DE BOIMORTO	
REGISTRO XERAL	
15 JUN 2012	
ENTRADA	SAÍDA
Núm. 1238-	Núm. 1238-

**REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA).**

**CERTIFICO:** Que o Alcalde con data trece de xuño de dous mil doce, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<**Decreto:** 156 / 2012 **Data decreto:** 13/06/2012 **Descrición decreto:** Determinación dos prazos de renovación e nova inscrición da matrícula no PAI do Concello de Boimorto para o periodo 2012-2013.

**DON JOSE IGNACIO PORTOS VÁZQUEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA )**

Vistos os artigos 11 e 14 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Punto de Atención á Infancia e ós efectos de dar publicidade para coñecemento das familias con nenos/as xa matriculados no Punto de Atención á Infancia que desexen renovar prazos no mesmo centro, así como formular solicitudes de nova inscrición, en uso das facultades outorgadas legalmente polo presente

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aperturar o prazo para a renovación de matrículas dende o 15 de xuño ó 30 de xuño (ámbolos dous incluídos) e o prazo para as novas inscricións do 2 de xullo ó 31 de xullo (ámbolos dous incluídos).

**SEGUNDO.-** A certificación deste decreto será exposta no taboleiro de edictos do Concello, no PAI e no Boletín Informativo.

**TERCEIRO.-** As solicitudes que por circunstancias sobrevidas debidamente xustificadas non se presentasen nos prazos fixados neste convocatoria, serán tramitadas e baremadas para a súa inclusión na lista de espera, segundo a puntuación obtida. As vacantes que se vaian producindo ó longo do curso serán cubertas por riguroso orde de puntuación entre os solicitantes en lista de espera. No caso de ter irmán/s no centro, o neno/a pasará inmediatamente a ocupar o posto da lista de espera correspondente sen prexuízo dos establecido no artigo 9.1.

Boimorto trece de xuño de dous mil doce

O Alcalde

Perante min:  
A secretaria

Asdo.- D. Jose Ignacio Portos Vázquez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente, en Boimorto a trece de xuño de dous mil doce.

Vº P.º  
O Alcalde

Asdo.- Jose Ignacio Portos Vázquez


